

# PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DE ENXEÑARÍA QUÍMICA E AMBIENTAL CRITERIOS DE CALIDADE

(Aprobado na reunión do Consello de Departamento do 23-07-2012 e modificadas na reunión do 09-07-2015 e pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento do 14-03-2018 e do 28-06-2019)

Co ánimo de mellorar tanto a formación na investigación das/os doutorandas/os así como a calidade das teses de doutoramento compre definir uns criterios de calidade relativos a supervisión das teses e a produtividade científica das mesmas e as actividades formativas transversais dos doutorandos.

## 1. Supervisión da Tese de Doutoramento

Co gallo de asegurar unha axeitada supervisión dos alumnos de doutoramento, limitarase o número máximo de novas direccións de tese que anualmente poida asumir cada un dos profesores asignados ao programa. Así, para cada PDI contemplase, de forma xeral, que sexan dúas (ou catro, cando sexan teses compartidas) o número de novas direccións de tese que se poidan asumir en cada curso académico. En caso de que as solicitudes sexan superiores, o PDI remitirá un informe explicativo, que xunto co seu historial previo (relativo a taxa de éxito na supervisión de teses), permitirá a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) emitir a correspondente autorización de supervisión.

## 2. Os requisitos mínimos para obter un informe de autorización da CAPD<sup>1</sup> para proceder a defensa da tese doutoramento no marco do Programa de Enxeñaría Química e Ambiental serán:

### 2.1. Producción Científica derivada das Teses

#### • *Tese estándar*

- Sen mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI<sup>2</sup>) 2 artigos en revistas Q3 ou unha patente/marca de garantía/invencción industrial/deseño industrial aprobada pola OEPM<sup>3</sup>.
- Con mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI) 3 artigos en revistas Q2 ou 1 artigo Q1 e 1 artigo Q2 ou unha patente/marca de garantía/invencción industrial/deseño industrial aprobada pola OEPM e 1 artigo Q2.

#### • *Tese con protección de dereitos*

- Sen mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI) 1 artigo en revistas Q2 ou unha patente/marca de garantía/invencción industrial/deseño industrial aprobada pola OEPM .

---

<sup>1</sup> Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

<sup>2</sup> *Digital Object Identifier*

<sup>3</sup> Oficina Española de Patentes y Marcas

- Con mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI) 2 artigos en revistas Q2 ou un artigo Q3 e unha patente/marca de garantía/invencción industrial/deseño industrial aprobada pola OEPM.
- ***Tese por compendio de artigos de investigación***
  - Sen mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI) 3 artigos en revistas Q3.
  - Con mención internacional: ter publicado (ou aceptado, con DOI) 3 artigos en revistas Q2.

Estes requisitos non teñen ningún efecto sobre a modalidade da Tese e os criterios ou condicións que cada Director/a de Tese de Doutoramento aplique para realizar o seu informe preceptivo de aprobación da Tese.

## **2.2. Actividades formativas transversais**

A asistencia de alomenos cinco seminarios dos ofertados dentro das actividades formativas transversais do Programa de Doutoramento, das Escolas de Doutoramento Internacional da USC, ou equivalentes ao longo da súa etapa de doutoramento.

## **3. Proposta dos membros do tribunal que xulgarán as teses**

A proposta de tribunal da tese estará formada por oito especialistas que deberán cumprir os requisitos recollidos no artigo 36 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Ademais, independentemente do tipo de tese non poderán formar parte do tribunal os co-autores de publicacións derivadas da mesma.